

ANUNCIO

A Sra. Alcaldesa, D^a. M.^a Cristina Fernández Davila, mediante Resolución de Alcaldía de data 20 de abril de 2023 , acordou a aprobación das “Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades sociais do Concello de Ponteareas para o ano 2023” en réxime de concorrencia competitiva tal como figuran redactadas a continuación e abrir a convocatoria así como Publicar as mesmas e os formularios editables no Taboleiro de anuncios municipal, na páxina web do Concello e no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

O prazo de presentación de solicitudes será de **20 (VINTE DÍAS NATURAIS)** , contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP de Pontevedra de data 25 de abril de 2023.

Estas axudas rexiranse polas seguintes:

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SOCIAIS DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2023

Dentro do labor de fomento e apoio ás iniciativas das entidades sen ánimo de lucro que ten atribuído o Concello de Ponteareas, convócanse as presentes axudas na área de Benestar Social para as entidades que desenvolvan programas para promover o benestar social da cidadanía do Concello de Ponteareas, a través de accións ou actividades de prevención, asistencia, incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadá, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres...etc., todas elas dentro do ámbito de intervención da Concellería de Benestar Social e Igualdade, e que se realicen durante o ano 2023.

Primeiro.–Beneficiarios/as.

Poderán optar aos programas contidos na presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións de Galicia e/ou no Rexistro Nacional de Asociacións e/ou na constitución de federacións, confederacións e unión de asociacións e/ou no Rexistro de fundacións.



- Estar inscritas no Rexistro RUEPSS (Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais)
- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello ou sobre temas de interese para o Concello contando con sede no concello de Ponteareas.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias ca Axencia Tributaria, ca ATRIGA, ca Seguridade Social e co Concello, e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes.

Segundo.–Obxecto.

O Concello de Ponteareas quere pola presente convocatoria dar apoio ás entidades sociais e contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, a fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo deste xeito a impulsar a democratización da sociedade.

Subvencionaranse as accións das entidades sociais levadas a cabo no presente ano 2023 (realizadas a partir do 1/1/2023) tendentes a impulsar actividades destinadas a persoas maiores, persoas con diversidade funcional, persoas con algunha adición, etc, en xeral a inserción na sociedade de colectivos desfavorecidos e o fomento da igualdade.

Terceiro.–Contía.

Destinaranse 10.000,00 € ás subvencións para actividades sociais con cargo á aplicación orzamentaria: 23100/4890001

A cantidade máxima a subvencionar establécese en 3000€ como máximo por entidade.

Cuarto.–Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude será presentada en formato electrónico (segundo modelo do ANEXO 1) e deberá presentarse a través da sede electrónica do Concello <https://www.ponteareas.gal>, só se poderá presentar unha solicitude por titular (si se presentan máis, só se valorará a primeira).



O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicidade do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

As solicitudes cumprimentaranse pola persoa que actúe en nome ou representación da persoa xurídica solicitante, mediante certificado electrónico de algunha das autoridades recoñecidas como emisoras. A este efecto serán válidos, polo tanto, o certificado dixital da persoa xurídica ou ben o certificado dixital da persoa física que represente á entidade.

Coa solicitude achegárase a seguinte documentación (segundo os modelos establecidos nos Anexos destas Bases):

- Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade.
- Fotocopia dos estatutos da entidade adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo.
- Fotocopia da tarxeta do NIF do/a representante.
- Documento que acredite a inscrición no Rexistro de Asociacións de Galicia e/ou no Rexistro Nacional de Asociacións e/ou na constitución de federacións, confederacións e unión de asociacións e/ou no Rexistro de fundacións.
- Declaración na que a entidade comprométese a facer constar a colaboración do Concello de Ponteareas en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.(Formulario 2).
- Declaración do/a representante, de non estar incurso/a en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.(Formulario 2).
- Declaración xurada do/a beneficiario/a ou o/a seu/súa representante das subvencións solicitadas para a mesma finalidade ou de non ter solicitadas subvencións para a mesma finalidade.(Formulario 2).
- Certificación dos datos bancarios da entidade. (Formulario 3).
- Certificado ou autorización para que o Concello poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da ATRIGA, da Tesourería da Seguridade Social e do Concello nas que se acredite que a entidade está ao



corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social para tramitar a subvención.(Formulario 4).

Documentación específica en función da tipoloxía da entidade:

– **Memoria explicativa da/s actividade/s para as que se solicita a subvención;** a memoria deberá facer mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda, o calendario fixado e antigüidade da mesma (anualidades que se leva realizando a actividade)

– Enumeración das actividades sociais relevantes realizadas pola entidade nos últimos tres anos.

– Orzamento estimado dos gastos, e previsión de ingresos correspondentes para os ditos gastos.

–Importe da subvención solicitada e declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.

Coa finalidade de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria as/os interesadas/os, así como a outros servizos ou expertos.

Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 da LPAC, requiriráselle ao interesado para que nun prazo de 10 días hábiles enmende as faltas ou presente os documentos preceptivos.

Transcorrido o prazo sen que a solicitude fose enmendada e previa resolución do acordo co establecido no artigo 68 da LPAC, considerarase desistida.

Quinto.–Criterios de valoración.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

*** Fomento da integración de persoas con diversidade funcional e atención a persoas en risco de exclusión social: ata 50 puntos**

*** Adecuación das actividades aos programas de servizos sociais municipais: 15 puntos.**



*** Atención ás persoas con algún tipo de adicción, e actividades que fomenten a prevención a través de persoal cualificado : ata 15 puntos.**

*** Número de persoas atendidas, xustificadas co correspondente informe técnico: ata 20 puntos.**

Sexto.–Procedemento de concesión.

O réxime aplicable á subvención é o de concorrencia competitiva. A concesión da subvención realizarase mediante resolución do Concelleiro de Facenda. A proposta motivada da comisión avaliadora que requirirá informe de Servizos Sociais no que figure que da información que consta no seu poder, derívase que os/as beneficiarios/as reúnen todos os requisitos necesarios para acceder á subvención. A comisión avaliadora de acordo cos criterios sinalados no artigo anterior, propondrá a adxudicación da subvención seguindo sen exceder, en ningún caso, o importe da dotación orzamentaria fixada nestas bases. A comisión avaliadora redactará unha acta puntuando as solicitudes de acordo cos criterios enumerados nas bases e proponendo un importe a subvencionar.

En caso de empate, unha vez avaliadas e puntuadas as solicitudes, desfarase tendo prioridade aquela entidade que aporte máis fondos propios para desenvolver e executar o proxecto ou actividades para o que solicitan dita subvención.

O importe a subvencionar será o resultado de multiplicar os puntos obtidos por cada asociación polo valor do mesmo o cal establécese de dividir a cantidade orzamentada para esta subvención, 10.000€ entre o total da suma dos puntos obtidos das solicitudes presentadas. No caso de que quedara remanente volveríase a calcular o valor do punto tendo de referencia a cantidade do remanente.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente/a: A Alcaldesa-Presidenta do Concello ou concelleira/o en quen delegue.

Vogais: Dúas/dous traballadoras/es municipais do departamento de Benestar Social.

Secretario/a: (con voz e sen voto): persoal técnico designado/a pola Alcaldesa.

Será preceptivo informe previo do servizo de Intervención sobre a existencia de crédito dispoñible, adecuado e suficiente así como o de fiscalización previa do gasto e das solicitudes.



Sétimo.–Resolución e notificación.

A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación do resto de solicitudes. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan. O acordo definitivo que outorga ou denega a subvención será notificado aos solicitantes e publicado na páxina web do Concello.

Oitavo.–Prazo de xustificación.**O prazo de xustificación finaliza o 31 de outubro.**

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo, será requirido ao beneficiario para a súa presentación (art. 70 do Regulamento de subvencións). A falta de presentación no prazo de 10 días dende o requirimento, dará lugar a que por resolución da Alcaldesa ou concelleiro se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención municipal para o seu reflexo contable.

En calquera caso, a data límite para a xustificación non poderá exceder da fixada nas bases de execución do presuposto xeral do Concello de Ponteareas para o exercicio 2023

Noveno.–Forma de xustificación.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade ou proxecto subvencionado. O/A beneficiario/a deberá xustificar que realizou a actividade ou proxecto de que se trate, nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Haberá que xustificarse a totalidade do gasto orzamentado aprobado na resolución declarativa da subvención, que será o indicado no seu día no orzamento presentado coa solicitude, ou no seu caso, no orzamento reformulado. Se o importe do orzamento presentado na xustificación é inferior o importe do orzamento presentado na solicitude a cantidade subvencionada reducirase en proporción o orzamento presentado na xustificación.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial.



Considerase gasto realizado aquel que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Deberá xustificarse tanto o 100% da subvención concedida polo Concello de Ponteareas coma o importe obtido por outros ingresos e/ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada para o que entregarán relación con indicación do importe e a súa procedencia.

Sistema de xustificación:

A solicitude será presentada en formato electrónico (segundo modelo do ANEXO 5) a través da Sede Electrónica do Concello, <https://www.ponteareas.gal>.

En xeral, a xustificación efectuarase mediante a presentación pola persoa ou entidade beneficiaria dunha conta xustificativa simplificada, segundo se describe a continuación.

A conta xustificativa incluirá:

a) A memoria das actividades levadas a cabo para a execución do programa.

b) Unha relación clasificada de ingresos e gastos, asinada polo/a secretario/a e o/a presidente/a (ou representante) da entidade correspondente á execución do programa.

A relación clasificada de ingresos conterá unha relación individualizada de todas as achegas recibidas.

A relación clasificada de gastos conterá unha relación individualizada con indicación do concepto de gasto subvencionado, acredores (nome da empresa e CIF, ou de ser o caso, nome, apelidos completos en abreviaturas e NIF), dos tipos de documentos (n.º de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e data de pago).

c) Facturas ou documentos con valor probatorio equivalente que se presentarán electrónicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos



servizos públicos. Deberá acompañarse xustificante bancario no que deben constar o número de factura, obxecto de pago, identificación da persoa pagadora e a destinataria do pago, que deberá coincidir con quen expide a factura.

As entidades beneficiarias das subvencións municipais deben utilizar, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxetas de débito ou crédito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificado o beneficiario, excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 300 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

Toda a documentación deberá presentarse en formato PDF (o máximo do total dos arquivos presentados por cada rexistro telemático será de 15MB).

Unicamente serán gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade ao vencemento do prazo da xustificación da subvención. Aos efectos da consideración de subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pago mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo/a beneficiario/a.

d) Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do concello en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades ou investimentos subvencionados.

Gastos subvencionables

Serán gastos subvencionables:

- Os gastos derivados da organización e realización das actividades subvencionadas; o material funxible non inventariable relacionado directamente coas actividades subvencionadas.
- Seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.
- Retribucións a persoal técnico e dos/as monitores/as que teñan relación laboral ou de arrendamento e servizos coa entidade, acreditaranse mediante facturas ou nóminas, só se admitirá minuta cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE.



– Os gastos correspondentes a voluntarios/as ou monitores que colaboren coa entidade ou asociación impartindo algunha actividade, curso, etc, de forma esporádica, dereitos de arbitrase, conferenciantes, poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta que contará cos seguintes datos:

- Nome, CIF e enderezo da entidade.
- Nome e apelidos do monitor, ou seu NIF e enderezo.
- A cantidade que recibe e correspondente retención de IRPF.
- O concepto polo que se paga (actividade, curso, etc.).
- Datas nas que se impartiu a actividade, curso...
- Lugar e data da emisión do recibo.
- Sinatura do/a monitor/a ou voluntario/a.

Xunto con esta documentación acompañarase:

– Certificado do/a secretario/a da entidade declarando que o perceptor é persoa allea á mesma.

Falta de xustificación ou xustificación insuficiente.

Vencido o prazo de xustificación, ou de ser o caso da prórroga, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, o departamento de Servizos Sociais requirirá para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo iniciárase o procedemento de reintegro, xunto ao interese de mora, nos termos establecidos no apartado 1 do artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Décimo.–Forma de pago.

O aboamento da subvención efectuarase do seguinte xeito: 100% do importe da subvención cando sexa xustificada a mesma.

A subvención concedida será aboada mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade que figure no certificado de datos bancarios entregado coa documentación de solicitude.



O aboamento da subvención non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente xustificar algunha subvención cuxo prazo de xustificación xa finalizara. Tampouco se procederá ao aboamento se a entidade non reintegrara algunha subvención anterior cando así se lle requirira.

Para o cobramento da subvención a entidade deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e o Concello de Ponteareas, situación esta última que determinará de oficio o propio Concello, a través do Servizo de Recadación.

Décimo primeiro.–Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas, agás con aquelas axudas/convenios directas do Concello de Ponteareas que ten establecido con diferentes Asociacións e colectivos. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

Décimo segundo.–Publicidade da subvención por parte do beneficiario.

Á entidade solicitante que se lle conceda a subvención, deberá facer público este financiamento municipal, incluíndo a imaxe corporativa do Concello en toda a publicidade que se xere (carteis, folletos, follas informativas...) nos medios electrónicos ou audiovisuais e nos anuncios que poida publicar nos medios de comunicación escritos.

Décimo terceiro.–O acordo da concesión da subvención publicárase no taboleiro de anuncios do Concello, na BDNS e notificárase individualmente a cada unha das entidades solicitantes.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e nos regulamentos que as desenvolven respectivamente, así como as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello para o ano 2023.

A Concelleira de Benestar Social e Igualdade

D^a. Verónica Carrera Blanco.



FORMULARIO 1- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SOCIAIS DO CONCELLO DE
PONTEAREAS PARA O ANO 2023

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude :

D./D^a _____

NIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

—

Tfno. _____ ou _____ n^o _____ móbil _____ Enderezo
electrónico _____

Cargo _____ directivo _____ na
Asociación _____

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome _____ da
Asociación _____ CIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

—

N.^o de Rexistro da Asociación _____ N.^o de asociados (a
1/1/2023) _____

Secretario/
a: _____

Enderezo
electrónico. _____

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ponteareas dirixidas ás entidades sociais do Concello de Ponteareas no 2023

SOLICITO ao abeiro da mesma a concesión da axuda para a realización da actividade, aceptando as bases desta convocatoria en todos os seus termos.

Xunto con este anexo, o solicitante achega:

- ☛ Copia da tarxeta do CIF de identidade e dos seus Estatutos cotexados (adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo.)
- ☛ Copia do documento que acredite a representación do solicitante
- ☛ Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención

Fotocopia Compulsada dos estatutos da entidade adaptados á Lei Orgánica 1/2002, do 22 de



Ponteareas, _____ de _____ de 202__

Sinatura do/da representante da entidade

AO/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE PONTEAREAS

FORMULARIO 2- DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A SOLICITANTE

BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SOCIAIS DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2023

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude

D./D^a _____ NIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

Tfno. ou n^o móbil _____ Enderezo electrónico _____

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da asociación _____ CIF _____

Aos efectos do previsto no artigos 58 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.

En relación ao proxecto para o que se ten solicitado unha axuda do Concello de Ponteareas ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
- Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario dunha achega pública.
- Que non obstante o anterior, autorizo ao Concello de Ponteareas para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ponteareas poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- Que a entidade que represento SI / NON solicitou subvencións para a mesma finalidade.
- Que a entidade que represento se compromete a facer constar a colaboración do Concello de Ponteareas en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades

Ponteareas, _____ de _____ de 202__

Sinatura do/da representante da entidade



BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SOCIAIS DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2023

Formulario nº3: Certificación bancaria

I. Datos do/a acreedor/a:

NIF / CIF										Nome ou razón social									
Domicilio															Provincia				
Código Postal					Teléfono					Correo electrónico									

II. Datos do representante.

NIF / CIF										Nome e Apelidos									

III. Datos bancarios.

COMPLETAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO:

Certifico, a petición da persoa reflectida en “I Datos do acreedor” e a efectos da domiciliación dos importes que á mesma lle ordene a Tesourería do Concello de Ponteareas, a existencia da conta referenciada en “III Alta de datos bancarios”, aberta a nome do titular que se reflexa no citado apartado “I Datos do acreedor”, con IBAN:

E	S																	
---	---	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

En _____, a ____ de _____ de 202__.

POLA ENTIDADE DE CRÉDITO
(Selo da entidade de crédito)

Asdo.: _____

Cod. Validación: 3KPHXPRHRSZL4PJKUJATA9
 Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 15



BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SOCIAIS DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2023

Formulario nº4: Autorización

AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE CERTIFICADOS TRIBUTARIOS E DE SEGURIDADE SOCIAL.

Nome _____ da _____ Entidade: _____ CIF: _____

Domicilio: _____ CP: _____ Parroquia: _____

Nome representante: _____ Cargo: _____

NIF representante: _____

Teléfonos: _____

Correo electrónico: _____

Autorizo expresamente ao concello en relación as subvencións convocadas as Entidades Sociais que desenvolven a súa actividade no Concello de Ponteareas para o ano 2023, para consultar si esta entidade esta ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias(AEAT, ATRIGA, Concello) ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. De conformidade ao establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que permite previa autorización o interesado, á cesión dos datos tributarios que precisen as AAPP para o desenvolvemento das súas funcións.

Ponteareas, _____ de _____ de 202____.

Asdo.: (o representante da entidade)



FORMULARIO 5 - CONTA XUSTIFICATIVA

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SOCIAIS DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2023

Nome e apelidos da persoa que presenta a declaración :

D./D^a _____
 NIF _____ Enderezo _____ Munici-
 pio _____ Tfno. ou nº móbil _____ Enderezo
 electrónico _____

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da Asociación _____ CIF _____

DECLARO:

Que foron efectuadas as actividades financiadas coa achega concedida polo Concello de Ponteareas para as subvencións dirixidas ás entidades sociais no ano 2023, ao abeiro da presente convocatoria, e que se acadaron os obxectivos propostos.

Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos e ingresos da asociación por min representada é a que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS

Expedidor da factura (con CIF)	N.º de factura	Data de expedición	Concepto	Importe
TOTAL GASTOS				

OUTROS INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE

Administración outorgante	Importe

Ponteareas, _____ de _____ de 202__

Sinatura do/da representante da entidade.



Cod. Validación: 3KPHXPBHKR5AZL4PJKUJATA9
 Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 15 a 15